REUNIÓN DA COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
03 XULL. 2017
Núm. 3327

A Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de xullo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 6948 (10/POC-001916)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da derrogación da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, así como as medidas que vai adoptar para garantir o poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

1.2 7258 (10/POC-001917)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun estudo referido ao impacto das baixas pensións de xubilación dos traballadores autónomos na economía e na sociedade galega a medio e longo prazo e a adopción de medidas para evitar situacións de risco de pobreza na poboación xubilada, así como o artellamento de medidas, xunto co Goberno central, para incrementar as contías desas pensións

1.3 7599 (10/POC-001320)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis
Sobre os posibles efectos do Brexit na actividade económica de Galicia e nos dereitos dos cidadáns galegos residentes no Reino Unido, así como os contactos, a colaboración ou a cooperación establecida polo Goberno galego co Goberno central para abordar ese proceso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

1.4 7708 (10/POC-001343)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para frear os recortes

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
03 XUL. 2017
Núm. 3327

que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 en materia de investimentos en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017

1.5 9763 (10/POC-001683)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 7 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección dos consumidores en materia de cláusulas chan, e os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

1.6 10515 (10/POC-001795)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 9749 (10/PNC-001018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contía e execución orzamentaria da partida que vai destinar para o Plan galego de investigación, innovación e crecemento no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

2.2 10564 (10/PNC-001097)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proceso de adquisición do Banco Popular-Pastor polo Banco Santander
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017, fasc. 2.

2.3 10579 (10/PNC-001099)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 6 máis

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
03 XULL. 2017
Núm. 3387

Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa concesión das axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-1018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017, fasc. 2.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/07/2017 13:25:15

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Antón Sánchez García	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6948(10/POC-001916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da derrogación da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, así como as medidas que vai adoptar para garantir o poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6948
Data envio: 22/03/2017 19:57:05.554

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodriguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O sistema de protección social e, concretamente, as pensións públicas teñen constituído ao longo da nosa historia democrática os ingresos dun gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Hoxe o son para máis de 9 millóns de pensionistas e as súas familias.

As pensións se teñen evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade que teñen permitido a cohesión na cidadanía.

Non obstante, o Goberno de España, do Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade dos pensionistas:

- A primeira foi a aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado "*copago farmaceútico*" e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.

- O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación de Real decreto-ley 5/2013, de 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Ley 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

- E, como remate, coa reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

A Lei 23/2013 afecta, por unha banda, á contía das pensións que se xeren a partir de 2019 e, por outra, ao sistema de revalorización, establecendo unha modalidade de actualización das contías das pensións que impoñen unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento. Os efectos conxuntos da

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6948
Data envio: 22/03/2017 19:57:05.554

aplicación do Real decreto-lei 16/2012 e da Lei 23/2013 supuxeron que, a día de hoxe, os pensionistas sufran unha perda de poder adquisitivo de entre 4 e 5 puntos.

O artigo 7 da Lei 23/2013 modifica a revalorización das pensións e desvincúlaas dos prezos, o que supón que, en escenarios de inflación positiva, a perda de poder adquisitivo estea asegurado.

O Goberno de España tiña previsto, na súa última actualización enviada a Bruxelas e aprobada no Consello de Ministros do pasado 29 de xullo de 2016, un IPC para 2017 do 1,2 %. Pola súa parte, as previsións da OCDE, a finais de 2016, prevía para España unha inflación do 2 % anual. A súa vez, o IPC correspondente a 2016 coñecido fixouse no 1,6 %. Pero, segundo os datos facilitados polo Instituto Nacional de Estatística, o indicador adiantado do mes de xaneiro do ano en curso situouse no 3 %, como consecuencia da desorbitada suba da electricidade, así como dos alimentos de primeira necesidade. Un índice que, ante o escenario que debuxan todas as previsións, pode ser constante, sobre todo se temos en conta a segura subida do prezo do petróleo, polo que a perda de poder adquisitivo das pensións alcanzará como mínimo o 2,75 % en 2017.

Ata o momento, os efectos da modificación lexislativa unilateral do Goberno do Partido Popular non se fixeron notar debido á inflación negativa acaecida ata este ano. Sen embargo, dadas as previsións de inflación para España, no medio prazo, co coeficiente "*suelo*" do 0,25 % que impón a dita Lei, a perda de poder adquisitivo anual acabará consolidando na porcentaxe anteriormente citada.

Nos escasos meses de traballo do Pacto de Toledo tense posto en valor a necesidade de recuperar o ancoraxe do sistema de protección social. Este, ten sido e é un piar esencial para o noso sistema democrático. Así o teñen afirmado tanto os comparecentes na citada Comisión Parlamentaria como os grupos políticos da oposición. Polo tanto, urxe a adopción das medidas necesarias que permitan a súa estabilidade. De aí que, tamén, unha das primeiras políticas que se debe emprender sexa recuperar o poder adquisitivo das pensións, ameazado pola aplicación do índice de revalorización establecido dende 2014 polo Goberno do Partido Popular.

Non deixa de ser unha falla de respecto e unha fraude aos pensionistas a actitude do Goberno do Partido Popular que, de xeito reiterado, proclamaba que nunca as pensións durante o seu goberno terían unha mingua retributiva, cando hoxe se constata esa redución real por efecto da aplicación do índice de revalorización establecido na Lei 23/2013, coa conseguinte redución da taxa de substitución.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6948
Data envio: 22/03/2017 19:57:05.554

Por iso, e ante o que, a maior parte dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e de as organizacións sindicais, se albisca respecto da variación dos prezos no corto prazo, o pasado mes de outubro os grupos parlamentarios (agás o Partido Popular e Ciudadanos), subscribiron unha proposición de Lei para garantir a suficiencia da revalorización das pensións para o ano 2017 e de medidas urxentes de reequilibrio orzamentario da Seguridade Social, facendo súa a petición das organizacións sindicais máis representativas, CCOO e UGT.

Non obstante, o Goberno do Partido Popular bloqueouna, forzando unha interpretación torticera da Lei e evitando así que os pensionistas poidan recuperar o seu poder adquisitivo e que se adoptaran medidas dirixidas a sanear o déficit.

Por outra banda, e non menos importante, en relación co desenvolvemento do sistema de pensións de xubilación e a garantía da suficiencia destas pensións, o establecemento do factor de sostibilidade, regulado no artigo 1 da Lei 23/2013, cuxa aplicación se prevé para o día 1 de xaneiro de 2019, suporá un recorte aos futuros pensionistas que verán reducida considerablemente a súa pensión inicial. Situación esta que se perpetuará para toda á súa vida, unha vez que teña sido recoñecida a pensión da súa xubilación.

A pesares da incidencia do factor de sostibilidade respecto da contía das pensións de xubilación, tal circunstancia nunca foi manifestada polo Goberno, a pesar de que a Lei 23/2013, así o prevé na súa disposición adicional primeira, que establece:

"*El factor de sostenibilidad se aplicará con absoluta transparencia, publicándose el seguimiento sistemático de la esperanza de vida. De igual manera, y con ocasión del reconocimiento de su pensión inicial, se informará a los pensionistas sobre el efecto del factor de sostenibilidad en el cálculo de la misma*"

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno do Partido Popular en España non pode sentirse orgulloso de ter depauperado o sistema de protección social. Primeiro, a pronunciada e provocada diminución de ingresos da Seguridade Social e, posteriormente, o seu insuficiente incremento, sempre con resultados inferiores ao rexistrados no ano 2011 provocando a súa debilidade. A conxelación do salario mínimo, a súa translación ás bases mínimas de cotización; a redución dos salarios provocada pola reforma do mercado laboral de 2012, e a súa incidencia directa nas bases de cotización dos traballadores, o establecemento de "tarifas planas" ou reducións nas cotizacións sociais, así como outras medidas de minoración de ingresos, todas elas teñen sido asumidas exclusivamente pola Seguridade Social; sendo estas políticas as que xeraron a inestabilidade do sistema.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6948
Data envio: 22/03/2017 19:57:05.554

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Recentemente, soubemos que o Goberno do Partido Popular baralla un incremento nas previsións de ingresos para 2017, aproximadamente dun 8 %. Un incremento da recadación producido por diversos factores, entre eles, a inflación, que, previsiblemente, será do 3 % ao peche do mesmo exercicio e que suporá unha maior perda de poder adquisitivo para a cidadanía.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que non caben escusas que xustifiquen aprazar a toma de decisións que permita a revitalización, a estabilidade e a sostibilidade do sistema; a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas; a suficiencia das pensións e, por suposto, a solidariedade interxeracional, territorial e sectorial debe retornar ao sistema de protección social.

Por todo o anteriormente exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego dirixirse ao Goberno central para solicitarlle a derrogación da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do Factor de Sostibilidade e o Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social?

2ª) Que medidas ten pensado adoptar o Goberno galego para garantir o poder adquisitivo dos pensionistas galegos?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2017 19:55:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2017 19:55:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 07.07.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 7258(10/POC-001917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun estudo referido ao impacto das baixas pensións de xubilación dos traballadores autónomos na economía e na sociedade galega a medio e longo prazo e a adopción de medidas para evitar situacións de risco de pobreza na poboación xubilada, así como o artellamento de medidas, xunto co Goberno central, para incrementar as contías desas pensións

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7258
Data envio: 29/03/2017 19:22:20.998

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

O sistema de protección social e, concretamente, as pensións públicas teñen constituído ao longo da nosa historia democrática os ingresos dun gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Hoxe o son para máis de 9 millóns de pensionistas e as súas familias.

As pensións téñense evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade que permitiron a cohesión na cidadanía.

Non obstante, o Goberno de España, do Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade das persoas pensionistas:

A primeira foi a aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado "*copago farmaceútico*" e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.

O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación de Real decreto-ley 5/2013, do 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

E, como remate, coa reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social

En Galicia, temos unha poboación maior de 65 anos que representa case a cuarta parte da poboación total, polo que a contía das pensións é de vital importancia para evitar maiores casos de empobrecemento e exclusión social, fundamentalmente entre a nosa poboación máis envellecida.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7258
Data envio: 29/03/2017 19:22:20.998

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

No caso das persoas traballadoras autónomas, estas pensións, segundo os datos da Seguridade Social actualizados a febreiro, son de media uns 605,14€, contía que está lonxe de acadar o importe do SMI (707,70€), fronte aos 1.070,53€ de media que cobra un xubilado do réxime xeral; e sendo a prestación máis baixa de todas as que están en vigor con respecto a outros colectivos (mar, carbón ou agrario).

Estes ingresos medios en 14 pagas ao ano, dan como resultado a cantidade de 8.460€/ano, cantidade moi preto do límite da pobreza en España, que o ano pasado foi de 8.011€.

Na situación actual, de especial dificultade económica, a maior parte das persoas autónomas cotizan pola base mínima, o que supón unha cota mensual duns 267,03€, unha suma que non garante unha xubilación digna, pero que para a maioría dos autoempregados é a única que poden aboar.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego elaborar un estudo sobre o impacto das pensións das persoas autónomas, na economía e na sociedade, a medio e a longo plazo?

2ª) Ten previsto o Goberno galego adoptar medidas para evitar que a nosa poboación xubilada viva no umbral da pobreza?

3ª) Ten previsto o Goberno galego conxuntamente co Goberno do Estado artellar medidas que incrementen as contías das pensións de xubilación destas persoas?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7258
Data envio: 29/03/2017 19:22:20.998

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2017 18:49:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2017 18:49:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 07.07.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 7599(10/POC-001320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre os posibles efectos do Brexit na actividade económica de Galicia e nos dereitos dos cidadáns galegos residentes no Reino Unido, así como os contactos, a colaboración ou a cooperación establecida polo Goberno galego co Goberno central para abordar ese proceso

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7599
Data envio: 04/04/2017 19:12:54.769

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O 29 de marzo de este ano, o Reino Unido, convértese no primeiro estado na historia da Unión Europea que inicia os trámites para abandonar a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Ábrese un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que vai ser longo, complexo e intenso. Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión Europea e o Reino Unido, tódolos países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos en moitos ámbitos da vida económica e social.

Ata o de agora a resposta do Goberno de España, vén sendo decepcionante na opinión do Grupo Parlamentario Socialista, dende as xeneralidades habituais do presidente Rajoy, ata as declaracións absolutamente incomprensibles dalgún membro do seu Goberno.

O exemplo mais evidente, pero non o único, son as palabras da secretaria de Estado de Comercio, María Luisa Poncela, que manifestou fai uns días que ten confianza en que as relacións comerciais co Reino Unido rematen nunha situación parecida á que temos actualmente cando conclúan as negociacións do "Brexit", debe de ser a única responsable política de Europa que o pensa.

Si ao propio "Brexit", engadimos un contexto xeopolítico que se ten alterado notablemente en 2016, debido ao repunte do proteccionismo, especialmente no propio Reino Unido e nos Estados Unidos, a situación tórnase aínda mais complexa.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7599
Data envio: 04/04/2017 19:12:54.769

No contexto dunhas reaccións do Goberno español tibias e pouco definidas; as posicións das comunidades autónomas poden influír notablemente na posición definitiva que España defenda na negociación da Unión Europea.

Os ámbitos afectados serán moitos, e con diferente calado económico e social, dende o comercio exterior en xeral, ata a pesca en augas británicas e as empresas mixtas, os dereitos da cidadanía galega no Reino Unido e dos/das británicos/británicas en Galicia, as previsibles modificacións nos mecanismos de inversións recíprocas de capital, ata os cambios nos parámetros macroeconómicos pola saída dun estado cun nivel de riqueza por riba da media comunitaria.

Os derradeiros datos oficiais publicados para o ano 2015, sitúan os datos de Produto Interior Bruto "per cápita" axustado ao poder adquisitivo, nun 108 % da media europea, no caso do Reino Unido, un 90 % en España, e un 79 % en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego dos efectos que pode ter o chamado "Brexit" na actividade económica de Galicia?
2. É consciente o Goberno galego dos efectos que pode ter o chamado "Brexit" na situación dos nosos cidadáns residentes no Reino Unido?
3. Ten establecido algún tipo de contacto, colaboración ou cooperación o Goberno galego co Goberno de España para abordar este proceso?
4. De ser así, en que ámbitos?
5. Con que obxectivos?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7599
Data envio: 04/04/2017 19:12:54.769

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 19:06:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/04/2017 19:06:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2017 19:07:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 07.07.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 7708(10/POC-001343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para frear os recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 en materia de investimentos en Galicia

Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7708
Data envio: 06/04/2017 16:20:50.616

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos orzamentos xerais do Estado para 2017.

O proxecto de orzamentos do Estado supón un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza é o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos.

Nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza redúcese nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, o investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Estes orzamentos son inasumíbeis como galegas e galegas e hipotecan o noso futuro. Hai importantes proxectos que dependen do goberno central e que non teñen o impulso necesario, non só en materia de infraestruturas e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7708
Data envio: 06/04/2017 16:20:50.616

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modernización do ferrocarril, senón no medio ambiente, na rexeneración integral das rías ou a creación de emprego.

En termos xerais, os orzamentos do Estado son restritivos e consolidan os recortes. De feito, os recursos para a sanidade, educación e servizos sociais están aínda moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. Baixa un 6,6% o gasto en desemprego co argumento de que aumenta o emprego, esquecendo a realidade da emigración, da precariedade e o feito de ter a miles de parados e paradas que xa non perciben a prestación.

Son uns orzamentos totalmente *incríbeis* en termos recaudatorios posto que prevén uns ingresos de 200.963 millóns de euros, máis que en 2007 antes da crise. E iso pese a que admite que vai caer o consumo público e privado. Fían o crecemento as exportacións e a subida de prezos.

A débeda pública ten un peso importante: o 9% do gasto vai para pagar intereses da débeda pública, 32.171 millóns de euros. Grazas á excelente xestión do PP a débeda pasou de ser o equivalente ao 35% do PIB en 2008 ao 99% do PIB en 2017.

Entre as prioridades do PP: aumenta o gasto militar, -hai que facerlle caso a Trump a aportar máis a OTAN-, e o gasto na Casa Real. Estamos convencidas que a maioría dos galegos e as galegas pensan que hai mellor destino para os seus impostos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7708
Data envio: 06/04/2017 16:20:50.616

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Que ten previsto facer a Xunta para frear o recortazo a Galiza que representan os orzamentos do Estado de Mariano Rajoy?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2017 16:18:05

Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2017 16:18:10

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2017 16:18:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7708
Data envio: 06/04/2017 16:20:50.616

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2017 16:18:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/04/2017 16:18:22

Xosé Luis Bará Torres na data 06/04/2017 16:18:23

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 07.07.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 9763(10/POC-001683)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección dos consumidores en materia de cláusulas chan, e os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9763
Data envio: 31/05/2017 14:13:40.280

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Manuel Lago Peñas, Marcos Cal Ogando, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga e Davide Rodríguez Estévez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 3.ª**, sobre o Real Decreto Lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan .

O 21 de xaneiro de 2017 o BOE publicou o Real Decreto Lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan e que, entre outras propostas, obriga ás entidades financeiras a crear un sistema de reclamación previo á interposición das demandas xudiciais para atender as devolucións das cantidades indebidamente cobradas, pola imposición nos contratos de préstemo ou crédito hipotecarios de cláusulas chan, a efectuar un cálculo e remitir unha comunicación ás persoas consumidoras, e habilita un prazo de 3 meses desde a presentación da reclamación de cantidade para a contestación, todo elo no contexto dun procedemento extraxudicial e voluntario para as persoas consumidoras.

Ata o 22 de febreiro as entidades financeiras tiñan marxe para o cumprimento das previsións contidas no Real Decreto Lei, e para artellar procedementos áxiles que permitisen a devolución ou resolución das reclamacións, segundo establece a disposición adicional primeira.

Desde este Grupo Parlamentar de En Marea tense constancia que o Real Decreto Lei serviu para retrasar o inicio do procedemento xudicial, e non garante a protección das persoas consumidoras, entre outras cousas debido a que a entidade

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9763
Data envio: 31/05/2017 14:13:40.280

financeira non é condenada en custas, salvo que a cantidade sexa maior que a ofertada; e ca calada por resposta, obrigan ás persoas consumidoras hipotecarias a iniciar o procedemento xudicial, ben porque non responden, ben porque a cantidade ofertada é irrisoria; baleirando de contido así a finalidade de protección das persoas consumidoras con cláusulas chan nas súas hipotecas e pervertindo a previsión pola que se ditou o mesmo, que era precisamente evitar o colapso dos xulgados por o aumento da litixiosidade neste eido e axilizar mediante un proceso voluntario para as persoas afectadas, sen ter que incorrer en maiores custos

Así desde este grupo parlamentario de En Marea, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Que valoración se fai desde a Xunta de Galicia da aplicación nestes meses da aplicación do Real Decreto Lei en Galicia?

2.- Que mecanismos existen para vixiar a creación dos departamentos ou servizos especializados en cada oficina aberta ao público para atender ás reclamacións? Existen esas oficinas? Quen fai a vixilancia? Canto tempo tardan en contestar? Existen queixas sobre estes departamentos? Recollen todas as reclamacións?

3.- Que vixilancia existe sobre o cumprimento do Decreto lei 1/2017, sobre todo na comunicación da existencia de cláusulas chan no contratos hipotecarios ás consumidoras? Faise realmente esa comunicación?

4.- Que mecanismos hai de control e seguimento da resposta dada polas entidades financeiras neses tres meses? Quen fai o seguimento das ofertas que se veñen realizando?

5.- Que tipo de control existe sobre os acordos celebrados entre entidade e persoa consumidora, diferente da devolución en efectivo? Existe vixilancia para que a entidade non impoña a súa vontade e non se produzan abusos? Que medidas existen de control e protección da persoa consumidora nestes casos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9763
Data envio: 31/05/2017 14:13:40.280

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

6.- Ten constancia a Xunta das circulares internas existentes nalgunhas oficinas bancarias para a venda de produtos de risco á estas persoas afectadas directamente polas cláusulas chan? Vai tomar algunha medida adicional para a protección destas persoas?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 31/05/2017 14:04:26

Antón Sánchez García na data 31/05/2017 14:06:04

José Manuel Lago Peñas na data 31/05/2017 14:08:28

Marcos Cal Ogando na data 31/05/2017 14:08:49

Paula Vázquez Verao na data 31/05/2017 14:08:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/05/2017 14:09:02

Carmen Santos Queiruga na data 31/05/2017 14:09:13

David Rodríguez Estévez na data 31/05/2017 14:09:33

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 10515(10/POC-001795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 10:44
Nº Rexistro: 10515
Data envio: 15/06/2017 10:44:54.109

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Os concellos rurais están a sufrir un importante despoboamento, sobre todo das persoas máis novas, cara ás cabeceiras de comarca e, fundamentalmente, cara ás grandes cidades.

Este feito ten varias causas, pero podemos apuntar como as de maior peso, por unha banda o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e, por outra, a perda progresiva de servizos no mundo rural, que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura manifestou que esta ía ser a "Lexislatura do Rural", pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para asentarse no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A dita afirmación non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2016 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Se medimos a execución tomando as obrigas recoñecidas sobre o crédito inicial, temos que:

- A partida 712A Fixación de Poboación no Medio Rural presenta unha execución dun 68,61 %

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 10:44
Nº Rexistro: 10515
Data envio: 15/06/2017 10:44:54.109

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

- A partida 712B Modernización e diversificación do Tecido Produtivo Rural, presenta unha execución dun 44 %.

- A partida 741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial presenta unha execución dun 60,98 %

As modificacións orzamentarias durante o exercicio 2016 respecto ao crédito inicial do orzamento supuxeron unha diminución total de 55.799.000 € menos para estas tres partidas.

Polo que, á vista dos datos existentes, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns polas que a execución das partidas 712A, 712B, e 741A foi tan baixa?

2ª) Considera o Goberno galego que se está apoiando dende a Xunta de Galicia o asentamento de poboación no rural?

3ª) Considera o Goberno galego que se está favorecendo aos sectores produtivos existentes no rural para poder mellorar a súa competitividade e especialización?

4ª) Considera o Goberno galego que se está a favorecer a creación de novas empresas no rural?

5ª) Ten o Goberno galego elaborado algún estudo para incentivar o asentamento de poboación, fundamentalmente xente moza, no rural?

6ª) Ten o Goberno galego elaborado algún estudo para incentivar a modernización, mellora da competitividade e/ou especialización dos sectores produtivos no rural?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 10:44
Nº Rexistro: 10515
Data envio: 15/06/2017 10:44:54.109

Grupo Parlamentario
Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2017 10:33:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/06/2017 10:33:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/06/2017 10:33:41

José Antonio Quiroga Díaz na data 15/06/2017 10:33:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 07.07.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 9749(10/PNC-001018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contía e execución orzamentaria da partida que vai destinar para o Plan galego de investigación, innovación e crecemento no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 13:52
Nº Rexistro: 9749
Data envio: 31/05/2017 13:52:13.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á escasa planificación orzamentaria, execución e ás modificacións de crédito á baixa do Plan Galego de Innovación.

A preocupante evolución do fomento da I+D+i en Galiza ten a súa orixe no total desleixo por parte da Xunta de Galiza en impulsar políticas que impulsen o coñecemento e a innovación. Este desleixo pode observarse claramente na ausencia de esforzo inversor por parte do goberno galego nesta materia. O "Plan Galego de investigación, innovación e crecemento" está dotado para o presente ano con 81 millóns de euros, ben lonxe dos 93,9 millóns cos que estaba dotado no ano 2009. Con respecto ao 2009, os recortes que sufriu este plan acumulan un total de 178,2 millóns de euros.

Se nos referimos á execución orzamentaria, o último dato dispoñíbel, referido ao 2016, indícanos unha baixa execución do "Plan Galego de investigación, innovación e crecemento", cun escaso 81,3% do orzamento executado. Ademais desta escasa execución, o plan sufriu unha modificación de crédito á baixa con respecto ao seu orzamento inicial, que era de 77,5 millóns de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 13:52
Nº Rexistro: 9749
Data envio: 31/05/2017 13:52:13.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

euros, quedando o crédito final reducido a 57,3 millóns de euros. Isto supón unha redución do seu crédito nun 26%. Outros programas, como a "investigación universitaria" e o "fomento da sociedade da información e do coñecemento", reducen tamén fortemente o seu crédito, nun 24% e 14% respectivamente.

A combinación de baixa execución e modificacións orzamentarias á baixa fan do Plan Galego de I+D+i unha política especialmente maltratada pola Xunta de Galiza. Se a execución do Plan a expresamos a respecto do crédito inicial, observamos como esta descende ao 60,1%, quedando 30,9 millóns de euros sen executar.

Polo tanto, o escaso esforzo do goberno galego de cara a avanzar no fortalecemento dos sectores produtivos a través do impulso á innovación resulta máis patente que nunca ante estes datos. Esta política de afogamento ás políticas de I+D+i por parte da Xunta de Galiza contrasta cos obxectivos que se contemplan en diferentes Plans e accións da Xunta de Galiza, como o Plan Estratéxico de Galiza 2015-2020, que contempla que establece entre os seus obxectivos "que a Comunidade galega duplique o seu gasto en I+D+i ata conseguir o 1,7% do PIB en 2020, para impulsar un crecemento económico baseado na innovación e no capital humano".

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 13:52
Nº Rexistro: 9749
Data envio: 31/05/2017 13:52:13.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que no proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para 2018 duplique a actual partida destinada ao Plan Galego de I+D+i así como a que a execute integramente e non realice modificacións á baixa deste programa."

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2017 13:45:52

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2017 13:45:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2017 13:46:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 13:52
Nº Rexistro: 9749
Data envio: 31/05/2017 13:52:13.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2017 13:46:02

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2017 13:46:03

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2017 13:46:09

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 10564(10/PNC-001097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proceso de adquisición do Banco Popular-Pastor polo Banco Santander

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10564
Data envio: 15/06/2017 18:59:29.831

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas e Luís Villares Naveira,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2008, en Galicia funcionaban algo máis de 2.500 oficinas bancarias, entre caixas e bancos, que manexaban uns 50.000 millóns de euros en depósitos e mantiñan uns 70.000 millóns en créditos. Naquela altura o panorama financeiro do país estaba dominado polas dúas grandes caixas, Caixa Galicia e Caixanova, con beneficios superiores aos 200 millóns de euros. Mais existían outras tres entidades financeiras galegas: o Banco Pastor, o Banco Etcheverría e o Banco Gallego.

Coa chegada da crise-estafa o panorama financeiro galego mudou por completo, as dúas caixas desapareceron, e os tres bancos foron absorbidos pola gran banca española xerando un mercado oligopolístico, quedando o noventa por cento do negocio en mans de cinco entidades financeiras. Abanca controla o 40% do mercado, o Santander o 30%, e o BBVA o 10%. Este grao de concentración soamente é superada por Grecia, onde os cinco principais bancos superan o 90%. Pola contra en Alemaña, dita cota é do 31%, en Reino Unido do 35% e en Francia e Italia é lixeiramente superior o 40%.

Este proceso de concentración bancaria non foi en balde, e tivo importantes externalidades negativas, promovendo unha forte exclusión financeira na Comunidade e unha redución drástica do emprego no sector. Deste xeito a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10564
Data envio: 15/06/2017 18:59:29.831

comezo do 2017, Galicia contaba con 1.599 oficinas, una redución do 36% en 8 anos. Para poder comprender a dimensión de tal fenómeno, pódese indicar que en 1978, existían en Galicia 1.668 oficinas bancarias isto é, 69 oficinas máis que na actualidade. A este fenómeno habería que engadirlle a perda de emprego xerado que, dende que comezou o proceso de reestruturación bancaria, está cuantificado en 6.000 traballadores menos no sector.

Estas cifras aínda non están tendo en conta a absorción do Popular-Pastor polo Banco Santander, polo que si se lle engaden os futuros efectos da absorción sobre o peche de oficinas bancarias e o despido de traballadores, as consecuencias de todo este proceso de reestruturación bancaria poden ser moito peores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender diante do Banco de Santander que o Banco Pastor teña a condición xurídica de filial integrada dentro do grupo bancario, tal é como sucedía na actualidade no grupo Popular/Pastor, mantendo tanto a marca comercial como a personalidade xurídica. Isto permitiría salvagardar mellor o emprego, tanto o directo como o de empresas auxiliares e tamén manter abertas as oficinas nos lugares ameazados pola exclusión financeira, utilizando para elo a ampla rede comercial coa marca banco Pastor nas vilas galegas.

2. Garantir o futuro da Fundación Barrié para o que é imprescindible, non só o compromiso de continuidade, senón asegurar o nivel de ingresos que ten na actualidade. Traballar para acadar a declaración da Fundación como unha entidade de interese cultural utilizando a negociación co banco comprador como unha das ferramentas para conseguilo.

3. Protexer os dereitos dos pequenos aforradores galegos que tiñan accións, e outros instrumentos financeiros similares, e que perderon todo coa liquidación da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10564
Data envio: 15/06/2017 18:59:29.831

entidade. Non só as afectados pola última ampliación de capital, senón aos que xa eran accionistas, especialmente aqueles que xa o eran do Banco Pastor, establecendo un limite máximo para a recuperación do perdido.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/06/2017 18:58:37

Luis Villares Naveira na data 15/06/2017 18:58:44

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 10579(10/PNC-001099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 6 máis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa concesión das axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-1018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 10:46
Nº Rexistro: 10579
Data envio: 16/06/2017 10:46:21.308

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é un ente público da Xunta de Galicia, creado no ano 2000, que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural ao mesmo tempo que contribúe á cohesión do territorio galego.

A dita axencia publicou o 31 de maio de 2017 a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, destinadas a todos os concellos galegos, e que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 2017-13-A1-712A-760.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coa seguinte distribución por anualidades:

2017: 7.999.343,50 €.
2018: 7.999.343,50 €

Na exposición de motivos da resolución establécese que: "As infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial e melloran as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e a vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redunda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado. E, como toda infraestrutura, precisan dun mantemento e acondicionamento para poderen seguir cumprindo coas súas funcións"

Aínda que o Goberno galego anunciou que esta ía ser a *Lexislatura do rural*, a realidade é que a contía orzamentaria dedicada a estas axudas diminuíu dos 20.000.000€ do exercicio 2016 aos 7.999.343,50€ para este exercicio 2017.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 10:46
Nº Rexistro: 10579
Data envio: 16/06/2017 10:46:21.308

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Incrementar a contía dedicada o Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 na mesma cantidade dedicada no exercicio 2016: 20.000.000 €.

2ª) Publicar as axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019 en diante, no mes de decembro do exercicio anterior.

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/06/2017 10:22:02

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/06/2017 10:22:11

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/06/2017 10:22:23

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/06/2017 10:22:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/06/2017 10:22:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/06/2017 10:22:56

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/06/2017 10:23:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/06/2017 10:23:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es